

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 20.12.2018 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 20 de decembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Proposicións non de lei

- 1.1 29768 (10/PNC-002381)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, en consenso cos concellos e os axentes sociais, dun plan de creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais, así como nas proximidades das grandes empresas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018
- 1.2 34768 (10/PNC-002826)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia pra mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 1.3 35905 (10/PNC-002878)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a constitución por parte da Xunta de Galicia dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais e as asociacións e os colexios de profesionais médicos, co fin de avaliar a situación da atención primaria e adoptar as medidas necesarias para garantir unha asistencia sanitaria de calidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018
- 1.4 37896 (10/PNC-003040)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a prestación do servizo de Pediatría con carácter permanente e en horario completo no Centro de Saúde de Mondariz
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

- 1.5 40080 (10/PNC-003229)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a humanización do trato ás mulleres durante o proceso de xestación, parto e puerperio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018
- 1.6 40346 (10/PNC-003259)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas queixas referidas ás deficiencias existentes no Servizo de Oncoloxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 11/12/2018 13:54:31

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 20.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 20.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 29768(10/PNC-002381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, en consenso cos concellos e os axentes sociais, dun plan de creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais, así como nas proximidades das grandes empresas

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

No Diario Oficial de Galicia do 17 de abril de 2018 publicouse a Resolución do 3 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 4 de xullo de 2017 pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2017 e 2018.

As axudas teñen por obxecto a posta en funcionamento de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, así como a normativa de desenvolvemento, se for o caso.

O crédito orzamentario disposto é de 1.400.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.781.0, distribuído en dúas anualidades, correspondendo 350.000 euros á anualidade de 2017 e 1.050.000 euros á anualidade de 2018.

As entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas a cada unha delas, expresado en euros, recóllense no anexo desta resolución:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 11:17
Nº Rexistro: 29768
Data envío: 20/04/2018 11:17:50.305



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Número expediente	Entidade solicitante	Importe axuda
BS403D-1/2017	Asociación de empresarios de Mos-AEMOS	200.000 €
BS403D-3/2017	Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial da Tomada	200.000 €

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, en consenso cos concellos e axentes sociais, un plan de escolas infantís públicas de 0 a 3 anos en polígonos industriais e parques empresariais, así como na proximidade das grandes empresas.
 - 1.1.O obxectivo de dito plan será axudar as nais e pais na educación temperá dos seus fillos e fillas e na conciliación da súa vida laboral coa persoal e familiar, garantindo a cobertura da demanda prevista, co obxectivo de que Galicia alcance no horizonte 2020 a ratio defendida pola Unión Europea na planificación de políticas cara ás familias.
 - 1.2.En todo caso, a planificación de ditas escolas recollerá condicións de accesibilidade universal, estarán debidamente planificadas no territorio, e serán axeitadas ao número da poboación e a súa idade.

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 11:17
Nº Rexistro: 29768
Data envío: 20/04/2018 11:17:50.305



Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 19/04/2018 17:07:31

María Luisa Pierres López na data 19/04/2018 17:07:38

Julio Torrado Quintela na data 19/04/2018 17:07:43

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/04/2018 17:07:48

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 20.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 34768(10/PNC-002826)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia
pra mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao goberno de Núñez Feijoo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a, aproximadamente, un 15% dos facultativos de atención primaria que se forman en Galicia, segundo os datos do propio goberno. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns. A vontade recortadora do Goberno da Xunta de Galicia



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

prexudica claramente a calidade asistencial do sistema, ao deixar con capacidade mínima, ou por debaixo dela, a moitos centros que non teñen persoal suficiente, que deben de deixar centros desatendidos porque os profesionais teñen que saír a cubrir urxencias ou por saturación dos existentes a causa dunha errática planificación.

A construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega. Os orzamentos de 2016, 2017 e 2018, por citar exemplos recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde, recollendo os mesmos sucesivamente ano tras ano, ignorando responsabilidade algunha polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician. O Plan de Mellora da Atención Primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un plan de contratación de profesionais de atención primaria que permita ampliar o volume de persoal e así evitar o peche de centros e a concentración de servizos, así como cubrir con garantías as baixas e vacacións sen que iso supoña unha saturación do sistema e unha perda de calidade asistencial.
2. Establecer un programa de reforma de centros de saúde e construción de novos, que permita ampliar e mellorar a rede de centros, en base a un informe de necesidades tendo en conta tanto o tamaño e tipo da poboación a atender como criterios estratéxicos de afixación demográfica.

Pazo do Parlamento, 22 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 34768
Data envío: 23/08/2018 11:19:45.581



 [Grupo Parlamentario](#)

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/08/2018 11:19:02

Julio Torrado Quintela na data 23/08/2018 11:19:13

Noela Blanco Rodríguez na data 23/08/2018 11:19:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 20.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 35905(10/PNC-002878)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a constitución por parte da Xunta de Galicia dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais e as asociacións e os colexios de profesionais médicos, co fin de avaliar a situación da atención primaria e adoptar as medidas necesarias para garantir unha asistencia sanitaria de calidade

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**.

Exposición de motivos

Neste verán, evidenciouse de xeito aínda máis contundente que outros anos, a falta de recursos na Atención Primaria do Sistema sanitario público, debido á política de recortes.

A falta de persoal, impide substituír as baixas e vacacións, dar unha cobertura idónea en todas as prazas de pediatría, ou garantir unha atención correcta nas urxencias médicas dos Puntos de Atención Continuada.

Carencias, que teñen como consecuencia que as doentes deba esperar na maioría dos centros de saúde máis dunha semana para ser atendidas, ou os servizos de urxencias contén só cun equipo que debe atender dentro e fora dos centros, situación que pon en risco a saúde das doentes.

Foron moitas as propostas trasladadas á Xunta de Galicia por diferentes colectivos, colexios profesionais ou a través de iniciativas parlamentarias, que en moitos casos atoparon un desprestixio absoluto por parte de Goberno.

A falta de planificación, a precariedade imposta polo deterioro das condicións laborais ou as prexubilacións forzosas que se iniciaron sen ningún sentido, forman parte dunha política de desmantelamento do público que non pon ningún interese nunha asistencia sanitaria de calidade na Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 17:25
Nº Rexistro: 35905
Data envío: 04/09/2018 17:25:27.799



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a constituír unha mesa de
negociación coas organizacións sindicais e as asociacións e colexios de
profesionais médicos, a fin de avaliar a situación e adoptar as medidas necesarias
para garantir unha asistencia sanitaria de calidade.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 04/09/2018 17:21:31

Luis Villares Naveira na data 04/09/2018 17:21:38

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 20.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 37896(10/PNC-003040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a prestación do servizo de Pediatría con carácter permanente e en horario completo no Centro de Saúde de Mondariz

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 12:09
Nº Rexistro: 37896
Data envío: 02/10/2018 12:09:34.501

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza levou a cabo un proceso de dismantelamento e deterioro da atención sanitaria primaria, que a pesar de ser a porta de entrada do sistema sanitario e a parte fundamental dunha verdadeira política de saúde pública, viu reducidos drasticamente os investimentos co pretexto da crise. Ao mesmo tempo que se debilita e deteriora a atención primaria, vemos como se destinan sumas millonarias á privatización doutras partes do sistema de saúde pública, convertidas en obxecto de negocio para grandes corporacións multinacionais.

Esta merma dos investimentos na atención primaria que se produciu nos últimos anos cebouse especialmente co persoal médico, coa redución de prazas e a precarización das condicións laborais de profesionais que realizan substitucións. Isto cando se producen as substitucións, xa que en moitos casos non se cobren as vacantes por permisos, baixas ou vacacións.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 12:09
Nº Rexistro: 37896

Data envío: 02/10/2018 12:09:34.501

A situación é máis alarmante aínda no caso do servizo de pediatría. A política de redución de persoal, as restricións na reposición de xubilacións e a precariedade salarial provocou un déficit estrutural de profesionais pediatras. Dáse así o paradoxo de que malia a existir necesidades de persoal, moitas profesionais procuran un mellor futuro laboral fóra de Galiza.

Nos últimos tempos son frecuentes as protestas en numerosos concellos galegos pola falta de pediatra, especialmente nos períodos vacacionais ou de baixa de pediatras titulares. É o caso do Concello de Mondariz, onde son recorrentes os problemas por baixas ou vacacións da pediatra da localidade. Así, no mes de agosto e e na maior parte de setembro non funcionou o servizo de pediatría e os aproximadamente 500 nenos e nenas do Concello foron derivados a Ponteareas. Dese a última semana de setembro cubriuse o servizo só dous días á semana, coa prolongación de xornada dun pediatra que se despraza desde Vigo.

A situación pode aínda ir a peor posto que a titular da praza solicitou o traslado e non existen garantías por parte do Sergas de que se vaia cubrir no futuro de xeito permanente.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentario do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 12:09
Nº Rexistro: 37896
Data envío: 02/10/2018 12:09:34.501

1. Garantir a prestación do servizo de pediatría no Centro de Saúde de Mondariz coa finalidade de manter un servizo sanitario infantil próximo e de calidade, cubrindo con horario completo a praza de pediatra durante os períodos de baixas ou vacacións da persoa titular.

2. Cubrir con carácter permanente e con horario completo a praza de pediatra de Mondariz no caso de traslado da actual titular.”

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 12:09
Nº Rexistro: 37896

Data envío: 02/10/2018 12:09:34.501

Xosé Luis Bará Torres na data 02/10/2018 12:06:32

María Montserrat Prado Cores na data 02/10/2018 12:06:37

Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2018 12:06:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/10/2018 12:06:40

Olalla Rodil Fernández na data 02/10/2018 12:06:42

Noa Presas Bergantiños na data 02/10/2018 12:06:43

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 20.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 40080(10/PNC-003229)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a humanización do trato ás mulleres durante o proceso de xestación, parto e puerperio

Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Flora Miranda Pena, Eva Solla Fernández, Paula Vázquez Verao e Paula Quinteiro Araujo** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 5.ª**, pola humanización do trato ás mulleres durante o proceso da xestación, parto e puerperio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

“As mulleres parimos, as mulleres decidimos” é unha frase icónica do movemento feminista que aínda está lonxe de facerse realidade.

Na medida en que vivimos nunha sociedade patriarcal e só as mulleres temos capacidade para xestar, parir e aleitar as condicións nas que o facemos aínda están lonxe de adecuarse a unha experiencia humana, digna, construtiva e reconfortante para moitas de nós.

A maternidade, só cando é libre e escollida, pode ser para nós as mulleres unha vivencia empoderadora coa que contribuír á construción dunha sociedade máis feliz e realizada en termos amplos. Non é un fin en si mesmo co obxectivo da procreación de novos seres sen significación algunha na vida das mulleres. O protagonismo debe ser das propias mulleres facendo valer o criterio ético de Autonomía como ben máximo, igual que nos demais procesos vitais.

Mais, lonxe diso, a dinámica histórica non priorizou necesariamente o benestar das mulleres que xestan.



Por iso a Organización Mundial da Saúde emitiu un informe no 2.014 avalado por dúcias de organizacións e institucións internacionais visibilizando a existencia de prácticas pouco respectuosas durante a atención á xestación e ao parto e facendo un chamamento para a súa mellora.

A sociedade española de xinecoloxía e obstetricia emitiu recentemente un comunicado intimidatorio en contra do emprego da terminoloxía violencia obstétrica. Nel falábase de que “En el parto, cada individuo se enfrenta de forma solitaria a su destino en 10 centímetros de vagina”. Forma pouco elegante de definir unha experiencia que debe aspirar a ser o máis enriquecedora posible para a nai e para o feto e que transcende da cuestión anatómica do tránsito pola vaxina para converterse nunha experiencia con incuestionables facetas culturais, emocionais, sociais relevantes nas dúas vidas.

Procedementos como un nivel de cesáreas e episiotomías por riba das recomendacións, a práctica da manobra de Kristeller, o coidado insuficiente pola non separación de nai e neonato, trato infantilizado ou paternalista, manobras de Hamilton, sedacións, inducións innecesarias, rotura de membranas... son cuestionadas por guías de práctica clínica e por documentos da OMS que fan unha chamada de atención sobre a situación.

A diminución da morbimortalidade perinatal é un parámetro tremendamente valorable pero que non debe amparar calquera actitude pouco considerada co benestar das mulleres: avogamos por unha atención ao parto humana, considerada coas súas necesidades, empática, baseada bo trato e con respecto máximo aos procedementos de consentimento informado para unha maior Autonomía das mulleres.

Avogamos tamén pola aplicación da perspectiva de xénero á xestión deste e de calquera outra cuestión en materia de saúde que afecte de modo maioritario ás mulleres, así como á consideración xeral da saúde das persoas.



Consideramos que a medicalización innecesaria de procesos comúns como o parto normal non só redundan nunha vivencia de peor calidade para mulleres e neonatos, senón que contribúen a unha consideración da saúde como un ben de consumo e o sistema sanitario como prestador de servizos, cuestión que contribúe a unha peor calidade e a unha menor sostenibilidade.

Queremos visibilizar as numerosas profesionais que, desde a súa práctica cotiá apostan pola humanización e a transformación da atención ao parto co seu compromiso, a súa sensibilidade, a súa boa praxe e o seu respecto -tamén- polas necesidades físicas, emocionais, afectivas e relacionais das mulleres.

Polo exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a por en valor o trato respectuoso coas mulleres durante o proceso de xestación e parto baseado no respecto e sensibilidade coa súa autonomía, coa súa cultura, as súas lexítimas prioridades e revisar aquelas prácticas mellorables en canto á medicalización do parto normal.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Eva Solla Fernández

Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:21
Nº Rexistro: 40080
Data envío: 12/11/2018 12:21:25.497

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 12/11/2018 12:16:58

Eva Solla Fernández na data 12/11/2018 12:17:06

Paula Vázquez Verao na data 12/11/2018 12:17:13

Paula Quinteiro Araújo na data 12/11/2018 12:17:20

Luis Villares Naveira na data 12/11/2018 12:17:28

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 20.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 40346(10/PNC-003259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas queixas referidas ás deficiencias existentes no Servizo de Oncoloxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40346
Data envío: 15/11/2018 17:01:56.899

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás queixas presentadas por pais e nais de nen@s ingresad@s en oncoloxía pediátrica do CHUS polas deficiencias existentes no servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pais e nais de nen@s ingresad@s na área de Oncoloxía pediátrica do CHUS veñen de presentar diversas queixas pola situación na que se atopa o servizo, que van desde o mantemento do material, a limpeza, a insuficiencia de habitacións en xeral e de illamento en particular o que supón un gravísimo risco para a saúde d@s nen@s en especial @s inmunodepremid@s.

Denuncian que o material está estragado e non se repón, hai camas nas que dá o sol directo e nas ventás non se pode regular a luz, mandos eléctricos das camas que non traballan, colchóns rompidos, buratos nas duchas, papel das paredes despegado, mesas de apoio esnaquizadas e oxidadas, cadeiras-sofá rompidas, armarios cotrosos, roupa da cama con buratos e remendos, árbores de medicamentos que non andan, unha pesa única para todas as habitacións...). Incluso denuncian que teñen que traer os núcleos de enchufes para ter suficientes conexións para as máquinas dos tratamento d@s seus fill@s, limpeza deficiente.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40346
Data envío: 15/11/2018 17:01:56.899

Engaden a inexistencia de ningún espazo común específico para oncoloxía pediátrica, a que en principio sería a zona destinada a este fin está dedicada a Infantopsiquiatría, moi importante tendo en conta que na maioría dos casos os ingresos son moi longos.

Outra das denuncias ten a ver cos controis nas Consultas externas, que supoñen un martirio: o tempo de espera é sempre dunhas tres horas de media porque citan a tod@s @s nen@s para a mesma hora. A sala de espera é insuficiente e mal dotada, só unha cadeira de adultos e literalmente non se colle. Tras facer a analítica, non se lles facilita almorzo nunha zona apropiada para nen@s inmunodepremid@s, teñen que ir a almorzar á cafetería do hospital, co risco que isto supón, xa que non é un espazo seguro que sería imprescindible para evitar contaxios. A todo isto hai que engadir as moitas dificultades e o prezo do aparcamento.

A denuncia máis grave é a referida á insuficiencia de habitacións para ingresos de inmunodepremid@s. Denuncian que só existen catro habitacións de illamento cotadas como tales. Que é habitual que cheguen nen@s sen defensas e que teñan que estar esperando horas na sala de curas ou na Aula Andrea, que o illamento se faga en habitacións normais que non contan coa presión de aire positiva necesaria para este tipo de pacientes inmunodepremid@s., a convivencia na área de oncoloxía con habitacións de escolares, co risco que isto supón, arrefriados, constipados ou calquera outro virus, ou que moi frecuentemente @s nen@s de oncoloxía ubícanos en habitacións de escolares, o que supón un trato desigual, xa que estas habitacións non teñen os mesmos servizos e tampouco levan unha limpeza a maiores. A situación chegou a tal gravidade que hai uns días o alicatado do baño dunha habitación na que estaban nen@s en illamento veuse abaixo podendo causar unha desgraza, e procedeuse á súa reparación sen sacar ao neno da habitación que comparte entrada con esta, con todo o que supón a obra de po e entrada e saída con materiais de construción.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40346
Data envío: 15/11/2018 17:01:56.899

Denuncian que as carencias e irregularidades moi graves que se acaban de relatar só se van superando polo bo facer do persoal.

Ao Bloque Nacionalista Galego parécelle moi grave a situación que veñen de denunciar nun servizo cunha patoloxía tan sensíbel como é a oncolóxica en xeral e máis cando se trata de nen@s o que debería requirir extremar tanto os coidados como a atención que reciben, e todo indica que non está a acontecer.

É urxente solucionar a situación e por esta razón presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para dimensionar a área de oncoloxía pediátrica do CHUS, de xeito que poida dar resposta á demanda existente, en especial:

- Aumentar o número de habitacións da área.
- Aumentar o número de habitacións para illamento de doentes.
- Dotar a área dunha zona común equipada
- Repoñer e reparar todo o material que se atopa estragado na área.
- Mellorar a limpeza que se leva a cabo en toda a área.

2.- Proceder a mellorar as estadias nas consultas externas d@s nen@s que acoden a oncoloxía pediátrica.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40346
Data envío: 15/11/2018 17:01:56.899

-Habilitar unha sala de espera cuns niveis de confortabilidade acorde á gravidade da patoloxía e aos elevados tempos de espera, a empezar por cadeiras axeitadas e en número suficiente.

-Dispensar almorzos ou outras dietas @s nen@s que o precisen nun espazo protexido, sen que se vexan obrigados a ir á cafetería.”

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2018 16:59:58

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 17:00:02



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40346
Data envío: 15/11/2018 17:01:56.899

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2018 17:00:04

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2018 17:00:05

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2018 17:00:06

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2018 17:00:08